

TAREFAS DE RECUPERACIÓN DA 1ª AVALIACIÓN – 2º ESO

1. Divide en sílabas as seguintes palabras.

- muíño
- mouro
- ningunha
- raudo
- bateu
- carro
- cuarto
- feira
- tractor

2. Clasifica as oracións deste texto segundo a súa modalidade.

Non trouxeches o libro que che dixen? Volve á casa buscalo! Que tarde é! Xa non chegamos. Oxalá o autobús veña puntual! Por que non vas máis de présa? Xa deben ser as oito ou as oito e media. Póño-me tan nerviosa contigo! Mañá, por favor, non esquezas nada. Ao mellor pídlle a meu pai que nos levo no coche. Bule!

3. Substitúe as palabras destacadas en negra por un antónimo axeitado.

- Sentía un amor **inconmensurable** polo seu gato e polo seu can.
- O que aconteceu o luns foi algo **insólito**.
- Uxío é moi **preguiceiro** polas mañás.
- O problema de matemáticas resultou máis **intrincado** do que eu pensaba. Despois de investigar moitos anos, descubriuse a **verdade** do asunto.

4. Copia estas oracións no caderno empregando as maiúsculas que sexan precisas.

- nas festas de nadal e san xoán reunímonos todos os da familia para cear.
- o escritor manuel curros enrriquez naceu en celanova e escribiu *aires da miña terra*.
- hoxe teño cita co dr. sueiro en lugo.
- lin no xornal galicia hoxe a crónica do último partido do rácing de ferrol.

5. Pon g/gu/gü/w segundo conveña nestes vocábulos.

... isky ambi ... idade e ... a ... indsurf bilin ... e
pin ... ín ... erra ... ifi anti ... o parau ... as

6. Explica a diferenza que hai entre significado denotativo e significado connotativo e pon dous exemplos de cada un deles.

7. Segmenta as seguintes palabras en lexemas e morfemas (flexivos e/ou derivativos).

protestarades	obreiros	vinteetresava	áxil
posiblemente	ombreiros	saltaricaban	comigo
xirasol	pouquiño		

8. Clasifica estes termos en variables e invariables.

Acolá	lle	entre	noso
home	ninguén	a pesar de que	coello
alto	fixesen		

9. Acentúa correctamente o seguinte texto.

Os volcans son aberturas da codia terrestre a traves das cales a rocha fundida do interior da Terra, chamada magma, sae expulsada a superficie en forma de lava.

Os volcans podense clasificar segundo a violencia e a frecuencia das erupcions. Asi, os volcans que entran en erupcion frecuentemente denominanse activos; os que o fan poucas veces chamanse inactivos; e os volcans que xa non o fan chamanse volcans extinguidos ou apagados

A zona da Terra onde hai maior actividade volcanica encontrase ao redor do oceano Pacifico e recibe o nome de “Cinto de Lume”.

- Clasifica as palabras acentuadas en agudas e esdrúxulas.

10. Pon os acentos necesarios e xustifica por que.

- | | | |
|------------------|----------------|---------------|
| • comunmente | • afialapis | • dixenllo |
| • arabe-israeli | • facilmente | • beirarrua |
| • preguntallo | • automobil | • inutilmente |
| • fisico-quimico | • cempes | • coñecea |
| • epico-lirico | • dificilmente | • baloncesto |